



Concello de Maside

Expediente núm.: 275/2023

Actividade: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: Subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o exercicio do ano 2023

Obra/servizo subvencionado: Xestión da biomasa e a súa revalorización nas zonas e vías públicas, así como nas franxas de protección de incendios (Operario Maquinaria Forestal)

BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE MASIDE

(Ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (**APROL RURAL**), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023

Sistema selectivo: OPOSICIÓN

(Categoría profesional: Operario Maquinaria Forestal)

1º.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade o establecemento do sistema, procedemento e baremos das probas que se aplicarán na selección de persoal para cubrir **2 prazas** de operario maquinaria forestal con carné de conducir a tempo completo durante **nove meses**, para a realización de obras ou servizos de “Xestión da biomasa e a súa revalorización nas zonas e vías públicas, así como nas franxas de protección de incendios”.

Esta contratación estará subvencionada pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro do 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023. (DOG núm. 22, do 01.02.2023). Expte. Nº: TR351G 2023 / 62 – 3.

A publicación das bases íntegras, así como as sucesivas publicacións, terán lugar na sede electrónica deste Concello de Maside [<https://maside.sedelectronica.gal/>] e na súa páxina web (www.concellodemaside.gal).

2º.- TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO.

O contrato de traballo a formalizar será de persoal laboral temporal a tempo completo na modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, artigo 15.1 da dita Orde do 9 de xaneiro de 2023 (DOG núm. 22, do 01.02.2023).

A duración do contrato será de **nove meses**, segundo dispón a Resolución do xefe territorial de Ourense da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Expte. Nº: TR351G 2023 / 62 – 3.

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente.





Concello de Maside

As retribucións mensuais brutas a percibir segundo a categoría do posto de traballo (incluída a parte proporcional das pagas extras) serán as seguintes:

PERSOAL APROL RURAL	GRUPO DE COTIZACIÓN	TIPO XORNADA %	RETRIBUCIÓN BRUTA MENSUAL (1)
Operario Maquinaria Forestal	9	100,00 %	1.260,00
TOTAIS			1.260,00 €

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización mensual

As funcións serán as propias dun operario de maquinaria forestal con carné de conducir: "Tarefas da xestión da biomasa, limpeza e conservación de zonas e vías públicas" con diversa maquinaria e/ou tractor rozadora.

3º.- REQUISITOS E CONDICIÓNES ESIXIDOS ÓS/ÁS CANDIDATOS/AS.

- Idade:** Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Titulación esixida:** Certificado de escolaridade.
A titulación deberase estar en condición de obtela na data de presentación da oferta de emprego na oficina pública de emprego de O Carballiño. Enténdese que se está en condicións de obtención do título, no caso dos académicos, cando se acredite que se abonaron os dereitos para a súa expedición.
As titulacións obtidas no estranxeiro deberán xustificarse coa documentación que acredite a súa homologación polo Ministerio competente na materia. As equivalencias deberán acreditarse mediante certificado da Administración competente.
- Nacionalidade:** Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebradas pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es.
Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o preveña o correspondente tratado, e as nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, sempre que non estean separadas de dereito, así como ás/aos descendentes de ámbolos cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.
- Capacidade:** Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.





Concello de Maside

No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os/as aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

- e) **Habilitación:** Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso a función pública.
- f) **Incompatibilidade:** Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

4º.- FORMA DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o de **oposición**.

O Concello de Maside solicitará os traballadores e as traballadoras que necesite (**2 operarios maquinaria forestal**) mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego de O Carballiño, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os traballadores e as traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes ao posto de traballo ofertado. [Artigo 14.3 da Orde do 9 de xaneiro do 2023 (DOG núm. 22, 01.02.2023)].

A **oficina de Emprego de O Carballiño** realizará unha sondaxe entre os candidatos/as que reúnan os requisitos establecidos na oferta, proporcionando, de ser posible, o número de persoas candidatas por posto de traballo que solicite o Concello de Maside, que en ningún caso poderá ser inferior a dous nin superior a dez. [(Artigo 14.4 da Orde do 9 de xaneiro do 2023 (DOG núm. 22, do 01.02.2023)].

E, en todo caso, terán preferencia os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia, ou as persoas trans.





Concello de Maside

- h) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.
- i) Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

Os/as candidatos/as serán convocados/as pola Oficina de Emprego de O Carballiño, para a súa presentación no Concello de Maside na data que se sinalará na carta de presentación enviada pola dita Oficina de Emprego.

Na data de presentación deberán acudir coa seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do interesado/a.
- Relación das circunstancias persoais que se alegan, xunto coa acreditación documental dos mesmos.
- Acreditación do coñecemento da lingua galega (Celga 2).

Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego que busca incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas, incluso cando a entidade promotora sexa un organismo público. Neste último caso, as persoas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa. [(Artigo 14.9 da Orde do 9 de xaneiro de 2023 (DOG núm. 22, do 01.02.2023)].

5º.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes. O persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino, o persoal laboral temporal e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, polo que non se poderá realizar en representación ou por conta de ninguén.

As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizan tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores, non poderán formar parte dos órganos de selección.

O tribunal cualificador estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais, cos/coas seus/súas correspondentes suplentes. Ao abeiro do artigo 59.4 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, as persoas membros dos órganos de selección, á excepción do Secretario/a,





Concello de Maside

deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional na cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

A composición do Tribunal Cualificador determinarase por Resolución de Alcaldía con anterioridade a data da citación realizada pola Oficina de Emprego de O Carballiño, para a presentación no Concello de Maside dos/as candidatos/as enviados pola dita Oficina de Emprego.

Os integrantes do Tribunal Cualificador deberán absterse de formar parte deste, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común. Os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

O Tribunal Cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sexan indistintamente titulares ou suplentes. En todo caso, será necesario a presenza do presidente e do secretario ou de quen os substitúan.

O Tribunal Cualificador resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal. Igualmente poderán requirir a asistencia de colaboradores/as que actuarán sen voz e sen voto durante o proceso de selección para realizar tarefas de apoio ao órgano de selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

As resolucións do Tribunal Cualificador vinculan á Administración sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión de acordo co previsto no artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Os efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ó disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

6º.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

O proceso selectivo consistirá nun exame ós/ás candidatos/as segundo a listaxe remitida pola Oficina de Emprego de O Carballiño:

FASE DE OPOSICIÓN

Proba de coñecementos.- Valorarase ata un máximo de 10 puntos, e estará integrada por un exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar a un máximo de 15 preguntas tipo test con respostas alternativas que preparará o Tribunal Cualificador antes da celebración do exercicio, sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no temario que se acompaña.

O tempo máximo para este exercicio determinarao o Tribunal Cualificador.

Cualificación: A valoración máxima por este exercicio será de 10 puntos, necesitando un mínimo de 5 puntos para aprobar.





Concello de Maside

As respostas non contestadas non terán valoración.
As respostas erróneas non penalizan.

TEMARIO

Tema 1. Materiais, útiles e ferramentas utilizadas polos peóns forestais. Maquinaria e ferramenta.

Tema 2. Repoboacións forestais. Silvicultura. Prevención de incendios forestais.

Tema 3. Prevención de riscos laborais relacionados co posto de traballo. Primeiros auxilios.

7º.- REQUISITOS LINGÜÍSTICOS. COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

O artigo 35 da Lei 2/2009, do 23 de xullo, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece: "...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente..."

O artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, dispón igualmente a realización dun exame de galego, para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia.

En cumprimento do sinalado os aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán ao galego sen axuda de dicionario nun tempo máximo de 30 minutos.

Estarán **exentos** da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten, antes data de presentación da oferta de emprego na oficina pública de emprego de O Carballiño, posuír o **Celga 2**, curso de iniciación ou estudos equivalentes.

Este exercicio cualificarase de apto/non apto e terá carácter **obligatorio e eliminatorio**.

8º.- RELACIÓN DOS TRABALLADORES/AS SELECCIONADOS/AS.

Finalizado o procedemento selectivo e establecido polo Tribunal Cualificador a orde de preferencia, publicarase a listaxe das persoas seleccionadas na sede electrónica e na páxina web do Concello de Maside, non podendo declarar que foron seleccionados/as un número maior de aspirantes que postos de traballo convocados.

A partir do día seguinte á publicación na sede electrónica e na páxina web deste Concello, os/as aspirantes disporán dun prazo de un día **(1) día hábil** para alegar contra dita baremación, fundamentándoa nos aspectos que considere oportunos.

Transcorrido este prazo, o Tribunal Cualificador, elevará a definitiva a baremación, e formulará proposta da persoa seleccionada que obtivese unha maior puntuación total no proceso selectivo, para que a Alcaldía, cando estime oportuno, dite resolución de contratación, cando as necesidades do concello así o requiran e creación dunha bolsa de reserva.

No caso de que exista empate entre dous o máis aspirantes na puntuación de oposición, escollerase aquel/es que leven máis tempo en situación de desemprego. Se despois do anterior persiste o empate escollerase entre aqueles que teñan máis cargas familiares. De persistir o empate nos dous casos anteriores escollerase entre aquel ou aqueles que teñan maior grado de discapacidade.





Concello de Maside

A dita resolución de alcaldía publicarase na sede electrónica e na páxina web do Concello de Maside.

9º.- APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

I. APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Os/as aspirantes seleccionados/as deberán presentar a seguinte documentación:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.(ANEXO I)
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social
- Certificado do número de conta bancaria (IBAN)

II. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS

A modalidade contractual a formalizar será necesariamente a establecida no artigo 15.1 da Orde do 9 de xaneiro de 2023 (DOG núm. 22, do 01.02.2023). Consistindo nun contrato laboral temporal a tempo completo na modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (modelo 405), co período de proba legalmente establecido.

Modalidade de contratación recollida no Real Decreto – lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente.

10º.- LISTAXE DE RESERVA.

Ao remate do proceso selectivo, elaborárase unha listaxe de reserva coas persoas que superaron o dito proceso por orde de puntuación, que terá vixencia durante o período da contratación subvencionada pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023. (DOG núm. 22, do 01.02.2023). Expte. Nº: TR351G 2023 / 62 – 3.

As persoas que formen parte desta listaxe poderán ser chamadas por rigoroso orde de puntuación para a cobertura do posto obxecto da convocatoria, polo motivo de renuncia da persoa seleccionada, impedimento para ser contratado e outras circunstancias análogas que se poidan producir.

11º.- LEXISLACIÓN.

No non previsto nestas bases, será de aplicación a normativa seguinte:





Concello de Maside

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local
- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia
- Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada
- Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo
- Orde APU/1461/2002, do 6 de xuño, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común de las Administracións Públicas
- Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores
- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023
- Real Decreto – lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo
- Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023. (DOG núm. 22, do 01.02.2023)

12º.- PROTECCIÓN DE DATOS.

As persoas aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o seu consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento dos seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, conforme a LOPD 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o seu RGPD.

Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo Concello de Maside, con sede na Praza Maior, núm. 1, 32870 Maside (Ourense), onde poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.





Concello de Maside

13º.- CARÁCTER VINCULANTES DAS BASES.

As presentes Bases desta convocatoria vinculan ó Concello, ós tribunais cualificadores e ás persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

14º.- INCIDENCIAS.

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

15º.- DISPOSICIÓN FINAL E RECURSOS.

As presentes bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación do anuncio na sede electrónica do Concello de Maside [<https://maside.sedelectronica.gal/>] e na súa páxina web (www.concellodemaside.gal).

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polas persoas interesadas recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso - administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Ourense ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio.

O alcalde,
José Manuel Iglesias Araujo

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE





Concello de Maside

ANEXO I.- DECLARACIÓN XURADA.

D./D^a. _____, co
DNI _____, con domicilio a efectos de notificación en
_____.

DECLARA

baixo xuramento ou promete:

- non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas,
- non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta,
- non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas, e
- no caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

Maside, a _____ de _____ do 2023
O/A solicitante,

Asdo: _____.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MASIDE

Concello de Maside

Plaza Mayor, 1, Maside. 32570 (Ourense). Tfno. 988280606. Fax: 988280684

